

Destacado Feature |

**Y** a son doce años seguidos bailando sobre las piedras, en la calle y en los parques... bailando para los que pasan y se paran a mirar. Así es 'En Pé de Pedra', el festival internacional de danza para paseantes de Santiago de Compostela que llega a su décimo segunda edición, organizado por el Teatro Galán y la compañía Matarile Teatro.

El festival nació en 1995, como ampliación de los fines del Teatro Galán: la difusión y la exhibición de la danza y el teatro contemporáneo. El subtítulo "danza para paseantes" demuestra esa intención de hacer llegar la cultura de la danza, el movimiento y la expresión corporal a todo el mundo: sacar el baile contemporáneo a la calle y alcanzar a aquel público que no asiste regularmente al teatro.

Desde hace ya doce años, en los primeros días del verano Compostela presta todas sus piedras al arte de bailar; la ciudad se convierte en un escenario flexible en el que bailarín y espectador están juntos, cara a cara, sin intermediarios, dando lugar, a veces, a la interacción.

En esta décimo segunda edición y durante tres días -el 22, 23 y 24 de junio-, el público compostelano podrá asistir a 23 representaciones y 7 estrenos, en un festival en el que parti-

cipan 9 compañías, 5 bailarines-coreógrafos -en el programa especial 'Puro e Duro'-, con un taller de danza y la presencia de una banda de viento en directo la noche de la clausura.

#### ■ ENCUENTRO MULTICULTURAL

'En Pé de Pedra' mostrará las distintas corrientes de la creación actual de la danza contemporánea, propiciando el intercambio cultural y la presentación de nuevos creadores junto a coreógrafos destacados y de larga trayectoria.

El festival acoge este año propuestas de Japón, Cataluña, Portugal, Madrid, Canarias, Austria, Francia y Galicia; y dos grandes bloques: 'Feito en Galiza', que muestra las tendencias actuales

**A** total of twelve years in a row dancing on stone, in the streets and in parks... dancing for those who pass by and stop to look. This is "En Pé de Pedra", Santiago de Compostela's international dance festival for passersby, now in its 12<sup>th</sup> year, organised by Teatro Galán and the Matarile Teatro company.

The festival began in 1995, as an extension of Teatro Galán's objectives: the promotion and exhibition of contemporary dance and theatre. The subtitle "dance for passersby" reflects the goal of making the culture of dance, movement and body expression available to everyone: taking contemporary dance outdoors to reach those who do not regularly go to the theatre.

For the last twelve years, on the first days of summer Compostela loans all of its stone to the art of dancing; the city becomes a flexible setting in which the dancer and spectator are together, face to face, without intermediaries, often giving rise to interaction.



During this twelfth festival, held on June 22, 23 and 24, Compostela's public can attend 23 shows and 7 premieres, performed by 9 companies, 5 dancers-choreographers (in the special programme "Puro e Duro"), in addition to a dance workshop and the presence of a wind band on the last evening.

#### ■ MULTI-CULTURAL EVENT

"En Pé de Pedra" reflects the different tendencies within contemporary dance, facilitating cultural exchange and the presentation of new creators along with outstanding, well-established choreographers.

This year's festival features proposals from Japan, Catalonia, Portugal, Madrid, Canary Islands, Austria, France and

Galicia; and two main sections: "Feito en Galiza", which consists of present-day tendencies within Galician dance; and "Puro e Duro", in

« En Pé de Pedra: Estela Lloves.

05

MATARILE TEATRO - teatro galán

Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1  
telf: 981 58 51 66 / fax: 981 58 51 21 - e-mail: [teatrogalan@mundo-r.com](mailto:teatrogalan@mundo-r.com)  
[www.enpedepedra.com](http://www.enpedepedra.com)

If you call from abroad: telf: +34 - 81 - 58 51 66 - fax: +34 - 81 - 58 51 21

# Culturall

en Pé de  
**PEDRA**

2007 | Junio  
June

## Destacado Feature



**Festival  
Internacional  
En Pé de Pedra 2007**  
Bailar sobre las piedras de  
Compostela

**2007 "En Pé de Pedra"**  
International Festival  
Dancing on Compostela's Stone

MATARILE TEATRO - teatro galán  
Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1  
telf: **981 58 51 66** / fax: **981 58 51 21** - e-mail: [teatrogalan@mundo-r.com](mailto:teatrogalan@mundo-r.com)  
[www.enpedepedra.com](http://www.enpedepedra.com)  
If you call from abroad: telf: +34 - 81 - 58 51 66 - fax: +34 - 81 - 58 51 21

**PRESENCIA EN RADIO E TELEVISIÓN**  
**entre outros**

La 2 - "La Mandrágora"  
TVE en Galicia - Informativos  
TVG - "Miraxes" e Informativos  
Localia  
Radio Galega  
Cadena Ser  
Cadena Cope

**PRESENCIA EN REVISTAS**  
**entre outros**

Primer Acto  
R. G. T.  
ARTEZ  
Tempos  
A Nosa Terra  
Nazón  
Ñaque

**PRESENCIA EN INTERNET**  
**entre outros**

[www.enpedepedra.com](http://www.enpedepedra.com)  
[www.artezblai.com](http://www.artezblai.com)  
[www.elcorreoagallego.com](http://www.elcorreoagallego.com)  
[www.galicia-hoxe.com](http://www.galicia-hoxe.com)  
[www.culturagalega.org](http://www.culturagalega.org)  
[www.vieiros.com](http://www.vieiros.com)  
[www.guiadelocio.es](http://www.guiadelocio.es)  
[www.danza.es](http://www.danza.es)  
[www.kadmusarts.com](http://www.kadmusarts.com)  
[www.festivales.com](http://www.festivales.com)  
[www.danzaballet.com](http://www.danzaballet.com)  
[www.redescena.net](http://www.redescena.net)  
[www.elpais.com](http://www.elpais.com)  
[www.abc.es](http://www.abc.es)  
[www.lavozdeg Galicia.es](http://www.lavozdeg Galicia.es)  
[www.anosaterra.com](http://www.anosaterra.com)  
[www.l-v.es](http://www.l-v.es)  
[www.diariometro.es](http://www.diariometro.es)  
[www.20minutos.es](http://www.20minutos.es)  
[www.farodevigo.es](http://www.farodevigo.es)  
[www.europapress.com](http://www.europapress.com)

[www.axencia.com](http://www.axencia.com)  
[www.santiagosiete.com](http://www.santiagosiete.com)  
[www.crtvg.es](http://www.crtvg.es)  
[www.radiofusion.eu](http://www.radiofusion.eu)  
[www.compostelacultura.org](http://www.compostelacultura.org)  
[www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)  
[www.santiagoturismo.com](http://www.santiagoturismo.com)  
[www.acfny.com](http://www.acfny.com)  
[www.usc.es](http://www.usc.es)  
[www.igaem.xunta.e](http://www.igaem.xunta.e)  
[www.culturaedeporte.xunta.es](http://www.culturaedeporte.xunta.es)  
[www.xornal.com](http://www.xornal.com)  
[www.galiciadiario.com](http://www.galiciadiario.com)  
[www.galiciadixital.org](http://www.galiciadixital.org)  
[www.gznacion.com](http://www.gznacion.com)  
[www.xeracion.com](http://www.xeracion.com)  
[www.audienciazero.org](http://www.audienciazero.org)  
[www.noviembre.org](http://www.noviembre.org)  
[www.santiagoreservas.com](http://www.santiagoreservas.com)  
[www.noticiasteatrales.galeon.com](http://www.noticiasteatrales.galeon.com)  
[www.es.noticias.yahoo.com](http://www.es.noticias.yahoo.com)  
[www.wikio.es](http://www.wikio.es)  
[www.fotolog.com](http://www.fotolog.com)  
[www.apeneira.com](http://www.apeneira.com)  
[www.youtube.com](http://www.youtube.com)  
[www.vids.myspace.com](http://www.vids.myspace.com)  
[www.r3d.es](http://www.r3d.es)  
[www.paxinasgalegas.es](http://www.paxinasgalegas.es)  
[www.novaxove.com](http://www.novaxove.com)  
[www.xuventude.info](http://www.xuventude.info)  
[www.portalespectaculos.com](http://www.portalespectaculos.com)  
[www.e-norte.com](http://www.e-norte.com)  
[www.cyberlatino.net](http://www.cyberlatino.net)  
[www.adeteatro.com](http://www.adeteatro.com)  
[www.diarioadn.com](http://www.diarioadn.com)  
[www.santiago.es](http://www.santiago.es)  
[www.noticias.deg Galicia.org](http://www.noticias.deg Galicia.org)  
[www.news.webplanete.es](http://www.news.webplanete.es)  
[www.abastodenoticias.com](http://www.abastodenoticias.com)  
[www.programacriatividade.gulbenkian.pt](http://www.programacriatividade.gulbenkian.pt)  
[www.egrupos.net](http://www.egrupos.net)  
[www.movimiento.org](http://www.movimiento.org)  
[www.newstin.es](http://www.newstin.es)  
[www.profesionalesdanza.com](http://www.profesionalesdanza.com)  
[www.edanza.net](http://www.edanza.net)  
[www.igadi.org](http://www.igadi.org)  
[www.axendadezaseis.blogspot.com](http://www.axendadezaseis.blogspot.com)  
[www.actores.org.ar](http://www.actores.org.ar)

Crónica | «En pé de pedra»

## Mentres a vida pasa (e os camións)

O festival de danza máis veterano de Galicia comezou cun baño en Praterías da coreógrafa Hisako Horikawa

Camilo Franco

SANTIAGO

■ E para acabar un baño na fonte de Praterías. Así rematou a primeira peza de *En pé de pedra*, coa xaponesa Hisako Horikawa afundindo na auga como unha ofelia sen liga de fútbol que celebrar. Praterías vaise quedando pequena a cada edición e debe ser por eso que cada ano a interacción entre a vida que pasa e a xente que baila vai a máis.

Horikawa descendeu as escaleiras esquivando a xente que as convertera nunha grada repleta e así deu comezo esta duodécima edición do festival que, ademais da rúa, ten espectáculos para interior.

No programa para hoxe destaca a utilización da Igrexa da Universidade como escenario e os cinco sós de danza que serán estreos absolutos do festival e que se poderán ver nas Praterías desde as once da noite. O tempo foi ao cabo respetuoso coas funcións de tarde e a luz das nubes e claros serve para darlle matices ao permanente xogo de movementos. Un tempo que se prevé similar ao de onte, similar para bailar e similar para o San Xoán.

A coreógrafa xaponesa, que participa por terceira vez na cita máis veterana da danza en Galicia, coñece perfectamente a praza e deuse unha viaxe por todo o contorno do espazo e mesmo se deixou ir fóra do territorio marcado para a interpretación para incorporar aos paseantes que estes días parecen ter todos roupa de viaxeiro, calzados de camifante, cara de sorpresa e pinta de turista. Horikawa aproveita as circunstancias pero a súa intención é incor-

porar aos paseantes á interpretación e non levar o seu traballo a paseo.

Sae transformada e non queda claro se a animalidade ou a resistencia primitiva mandan no seu personaxe. Ocupa o centro da praza mentres de fondo pasa un taxi ou alguén cruza con calma disposto a admirar as torres da catedral. Enrédase sobre si mesma e tampouco queda claro se canto menos humana parece máis humana é, pero mentres volve sobre o primal pasa un camiión (vale, pero esta vez é de Correos) e os espectadores miran como o corpo da muller plégase sobre si mesmo en actitude que pode ser de fuxida ou descuberta. Asoman os brazos como ponlas vellas mentres unha pelotía azul fuxida dun crío bota timidamente praza abaixo como con dezaioito anos recién cumpridos en busca de colexio electoral. Horikawa ábrese buscando un ritmo para explicarse e



PACO RODRÍGUEZ

Horikawa durante o seu espectáculo na praza de Praterías

comeza a xugar coa metáfora da sal branca, do salario que é vida porque a vida é soldo. Apaña un puñado e vai cara a fonte, derrámao e vaise mentendo co medo ao verán que non chegou e métese ata que

a fonte non deixa nada dela, definitivamente confundida coa auga, sorprendendo aos cabalos e deixando nos espectadores un interrogante sobre a respiración que se rompe cos aplausos.



ÁLVARO BALLESTEROS

Andrés Corchero presentou a súa coreografía «Despacito» no parque de Bonaval



## EN PORTADA

24  
VERÁN 2007

ando á orixe etimolóxica da palabra, *festival* ven de Festa, de celebración. *En pé de pedra* mantén iso. Porque ás veces fanse determinadas programacións ás que se lles pon o nome de festival, pero non deixan de ser unha programación nun tempo delimitado, á que se lle pon o nome de festival. Pero non teñen nin o carácter de evento, de acontecemento público, de encontro... Que eu considero fundamental.

Hai lugares onde lle chaman festival á única semana do ano na que se programa teatro, e iso de pouco serve para crear un hábito no público... En Compostela non é o caso, eu penso que agora mesmo hai unha oferta suficiente como para que teña sentido que se organice un festival de tres días como *En pé de Pedra*.

**Chegastes a xuntar 16000 espectadores en tres días. Cres que ese público despois merca unha entrada para ver un espectáculo nunha sala?**

Sempre que se crea un interese isto revirte nas artes escénicas. Nos partimos de ter corenta e pico espectadores nas funcións da primeira edición, no 95, aos

16000 das últimas edicións. A min parece-me que se foi creando un público para a danza, non é casual que agora cando hai estréas ou programacións de danza aquí hai un público, un público ademais que non é novo, que xa ten referencias, e asiduo. Non se trata só, ademais, de crear cantidade de público, senón calidade. Iso dicénono moitas das compañías que venen. «Que público tan ben formado, non?». É un público con criterio. Nós estamos moi contentos porque temos por un lado o público da cidade, o que podemos chamar *paseante*, que queda a ver as funcións e iso está moi ben, porque o que lles ofrecemos é danza contemporánea e non a oferta típica de teatro de rúa, con petardos e ruído... Senón que é unha programación rigorosa de danza contemporánea, que en principio podería botar para atrás ao público non iniciado... E por outro lado, temos un público que cada vez máis está vindo expresamente a Compostela para ver o festival, e dicir, un turismo cultural importantísimo. Moita

xente que reserva hoteis, que bota o día en Santiago... É un público máis especializado que inclúe tamen programadores doutros festivais. Propostas que se ven en *En pé de pedra* xiran despois por distintos festivais da Península, ou sexa que ademais é unha plataforma.

**O festival nace como unha extensión dos obxectivos da Galán, que era difundir a creación escénica contemporánea. Agora que a sala pechou, cambiou a súa razón de ser?**

Eses eran os obxectivos cos que se creou a sala, que foron variando. Tamen o festival foi variando. Tratábase de sacar a danza á rúa precisamente para buscar un público non habituado. A partir daí foise desenvolvendo, e o festival foi medrando en obxectivos e en todo o demais. O principal era sacalo fóra das paredes do teatro, levalo as rúas da cidade. Pero agora a cousa cambiou porque o festival acadou unha grande repercusión fóra de Santiago. Queda un pouco maldico, pero creo que é un dos mellores festivais que hai no Estado, o polo que din as propias compañías, en Europa. E dicir,

que o obxectivo inicial xa está superado.

**Fostes quen do consolidar este evento de carácter anual, e pola contra non foi posible manter a programación da sala Galán.**

Non ten nada que ver unha cousa coa outra. Unha cousa é un festival e outra unha programación continuada, estable durante todo o ano. Aquí o que entran son unhas determinadas políticas e intereses políticos claros. O festival interéstalles moito aos políticos: é a rúa, son miles de espectadores...

**Até que punto ese apoio pode resultar perverso, pode chegar a devaluar os obxectivos ou o espírito do Festival...**

Iso tamen é cuestión dos criterios que ti marques desde a dirección do festival... Sempre se considera que recibir unha subvención significa venderse. É todo o contrario. Para algo existen un Ministerio, unha Consellería, unhas concellalías de Cultura... Nós temos dereito a esas



ANAVALLÉS

## PROGRAMADORA DE EN PÉ DE PEDRA

cartos públicos... En calquera caso, os políticos sempre van querer tirar un rendemento electoral das actividades culturais, con iso contamos.

**Que dificultades tedes atopado para levar adiante o Festival?**

Monetarias, por suposto. O orzamento que temos e ridículo. É o para

o que é o festival... E xa non é so a cantidade, senón a maneira de facelo, a maneira de xustificalo, cando se fan os pagamentos... Por exemplo, agora mesmo estamos a unha semana da 12ª edición, e aínda non temos un can. Levamos meses traballando así. Esta é a situación na que estamos, o festival está hiperconsolidado, e hai interese en mantelo, pero xa ves...

**Respecto ao futuro...**

Non son optimista, seguimos tendo que limitarnos. As posibilidades de desenvolvemento nas condicións normais non se dan producido. Estamos tratando de manter co orzamento reducido unha optima calidade, optando á mellor programación... E buscando sempre que o festival evolucione, porque non tería sentido facer un festival igual todos os anos: es mesmas compañías, da mesma maneira, etc. Iso non nos interesa, sería como deixar morrer algo que está vivo.

**Cres que, xunto ao modelo dos festivais de iniciativa independente teñen razón de ser festivais promovidos enteiramente polas institucións?**

As institucións poden organizar o que lles crea conveniente. O que creo e que nunca deben meter man en iniciativas privadas, que dependen de equipos artísticos e técnicos que nunca son institucionais e precisamente por iso teñen o seu selo característico. Desde o momento no que unha institución se mete a facer algo que xa estaba facendo un colectivo independente, isto morre. E disto feito moitos exemplos en todo o Estado. Creo que se debe apoiar, pero non limitándose a dar algo, senón xerando movemento cultural desde a base... A feira de teatro, por outro lado, tena que organizar a institución. ■



**DANZA** En Pé de Pedra traerá a Compostela sete estreas, catro delas dos galegos Uxía P. Vaello, Estela Lloves, Diego Anido e Anuska Alonso

## Expresión ao aire libre

**Do 22 ao 24 de xuño, reunirá na capital galega 9 compañías de Xapón, Austria, Francia ou Portugal**

maré • Santiago

Vinte e catro representacións e sete estreas é o programa da doceava edición do festival de danza ao aire libre En Pé de Pedra que se celebra en Compostela entre o 22 e o 24 de xuño.

Participarán nove compañías chegadas de todo o mundo como a madrileña Compañía Daniel Abreu, as catalás Raravis-Andrés Corchero e Caperucita Poco Animal, a canaria El Bailadero-Mónica Valenciano, a portuguesa Ana Martins, as austríacas Akemi Takeya e Tanzverein Erdberg, a francesa Dacm e a xaponesa Hisako Horikawa.

Ademais o programa especial *Puro e duro* inclúe cinco bailaríns, catro deles galegos, Uxía P. Vaello, Estela Lloves, Diego Anido e Anuska Alonso e a coreógrafa canaria Laura Marrero.

Do 26 ao 29 de xuño, a austríaca Akemi Takeya impartirá un taller de danza e tamén se celebrará o cuarto encontro da Mesa Itinerante de Traballo (MIT), organizado polo Centro Coreográfico Galego.

En Pé de Pedra é a festa anual da danza que se celebra desde hai doce anos ao aire libre en rúas e prazas de Santiago de Compostela.

Ao longo do día succédense representacións de danza en diferentes espazos, redescubertos para o público e o paseante, utilizando como escenario o propio marco arquitectónico da cidade, as rúas e prazas de Compostela como espazo para a representación.



Os austríacos Tanzverein Erdberg á esquerda, El Bailadero, arriba á dereita e a galega Anuska Alonso, abaixo

### INAUGURACIÓN

#### Horiwaka abrirá o evento este ano

O vindeiro 22 de xuño a bailarina Hisako Horiwaka abrirá 'En Pé de Pedra' co seu espectáculo titulado 'salty, empty, windy' que traducido quere dicir 'Só a ignorancia salgada resoa'. Horiwaka representou a súa peza en setembro do 2006 en Madrid e este ano en Mallorca. Dende 2001 baila na rúa e intenta relacionar arquitectura e comunidade traballando con nenos e recuperando antigos bailaríns.

Este encontro coa cultura vívese como unha festa e como un acontecemento extraordinario na cidade, no que se mostran distintas correntes da creación actual da danza contemporánea propiciando o intercambio cultural e a presentación de novos creadores xunto a coreógrafos destacados.

Para suplir as deficiencias que lle impiden encargar novas producións, nesta 12ª edición os organizadores do festival optaron por acoller dous espectáculos que polas súas características deben ser presentados en espazos teatrais: o

Salón Teatro e o Teatro Galán, quixunto ó plató da Facultade de Ciencias da Comunicación e a Igrexa da Universidade, complementan a oferta de espazos ao aire libre, utilízanse un total de once lugares diferentes.

En Pé de Pedra non se expón como unha simple programación de espectáculos de danza ou como mostra de determinadas formas artísticas, senón que pretende establecer un tipo de relación diferente entre o público e a escena, recuperando unha dimensión de acontecemento público no que a participación do que mira é tan importante como a do que é observado", sosteñen os seus organizadores. ●

XOSÉ LUEIRO  
TEXTO

34

### EN PÉ DE DANZA

Se na edición anterior falabamos de consolidación quizais agora deberiamos prefixar o substantivo para dar a verdadeira medida dun festival convertido xa nun referente de talla internacional. Vintecatro representacións, sete estreas, nove compañías, cinco bailaríns-coreógrafos no programa Puro e Duro, un taller de danza e miles de espectadores son os números que esta nova edición de En Pé de Pedra contemplou para difundir a creación escénica contemporánea entre os días 22 e 24 de xuño. Todo nun marco que utilizou como escenario a propia arquitectura da cidade; as rúas e prazas de Compostela. Once espazos diferentes que actuaron coma centro de intercambio cultural e que foron testemuña do traballo de coreógrafos coma Daniel Abreu, Hisako Horikawa, Akemi Takeya, Andrés Corchero, Mónica Valenciano ou Ana Martins e de xoves solistas galegos.

Cada edición que pasa, En Pé de Pedra arrastra máis público específico a Santiago, un turismo cultural que evidentemente repercute tamén noutros sectores da cidade. Hoxe por hoxe pódese asegurar sen medo a esaxerar que este festival converteuse xa nun referente a nivel estatal e internacional. Proba diso é a cantidade de programadores foráneos e público en xeral que acudiron a presenciar o certame desta edición. Sería desexable, malia todo, que da mesma forma que o apoio da cidadanía e dos profesionais da danza vai «in crescendo», os apoios das institucións tivesen o mesmo comportamento. O futuro do festival pasa por ampliar as súas liñas de actuación, e axudalo a fuxir do réxime de subsistencia no que agora se atopa.

### EN PÉ DE CIRCO

Como reza o tópic: A rei morto; rei posto. A empresa Coperactiva Cultural co patrocinio do concello compostelán volverá transformar do 30 de xullo ao 5 de agosto as rúas, prazas e teatros da cidade nun escenario de imprevisible tolemia coa organización de VIII Festival Internacional de Clown de Galicia. Un festival que coma cada ano vén aglutinando xolda, espectáculo, formación e promoción de novos artistas ó tempo que tece pontes de solidariedade coas zonas máis deprimidas do planeta. A presenza de grandes mestres do humor coma Leo Bassi, Johnny Melville, o Mago Andreu, Fraser Hooper, Claudia

TEATRO/DANZA

## En pé de danza. En pé de circo

Contin, Ferruccio Merisi, ou Avelino Gozález converterán unha vez máis esta Mostra nun referente a nivel internacional que ben pode gabarse xa de dialogar sen ningún tipo de complexo cos máis prestixiosos certames do panorama mundial.

O Festiclown Internacional de Clown de Galicia, volverá programar as súas seccións habituais: Mostra Internacional. Clownvocatorias Artísticas (Certame Intergalactico, Maraclown, Seccion Off), Desclowntrol nas Rúas, Apartado Social e unha variopinta oferta no apartado Formaclown que inclúe un curso de Iniciación ao Clown impartido por Johnny Melville, un titulado En Busca Da Nosa Identidade Cómica impartido por Leo Bassi, un



Akemi Takeya. «ZZ».

terceiro de Movemento Teatral conducido por Claudia Contin e Ferruccio Merisi, e outros impartidos por profesionais do prestixio do mago Andreu, Fraser Hooper, Jesús Jara ou Marcelo González.

Iván Prado, ideólogo desta cerimonia do sorriso, abraza a posibilidade real de concitar a máis de 40.000 romeiros desclowntrolados. As expectativas máis pesimistas pasan por ningunear esa cifra.



Daniel Abreu. «Ojos de pez».



## En Pé de Pedra

**Summary Info** Festival Story **Festival Events** Other Sources Practical Info

<b>Country and Region</b>	Spain – Galicia
<b>Type of Festival</b>	Dance
<b>Location of Festival</b>	Compostela, Galicia, Spain
<b>Festival Address Information</b>	En Pé de Pedra Calle Gómez Ulla, 7 Compostela, Spain Phone: (34) 981-585-166 Email: teatrogalan@mun-do-r.com
<b>Festival Description</b>	<p>In Pé de Pedra, the annual dance festival in Santiago is fundamentally made outdoors, where throughout the day representations of dance take place in different public spaces. The architectural frame of the city, and the streets become backdrops to the performances where a direct encounter between the spectator and the creator occur without intermediaries. En Pé de Pedra shows different currents from the present creations of the contemporary dance thereby creating a cultural interchange and the presentation of new creators alongside outstanding choreographers. Each year the festival welcomes artists from Japan, Catalonia, Portugal, Madrid, the Canary Islands, Austria, France and Galicia.</p> <p>In this 12th edition the festival has chosen to welcome two spectacles that by their characteristics must be presented in theater spaces: the Salón Teatro and the Teatro Galán. The spaces tend to modify the choreographer's proposals, intensifying certain aspects or mitigating others especially the relationship with the spectator, in some cases the space becomes the determining factor.</p>
<b>Festival Dates</b>	June 22 - 24, 2007
<b>Festival Links</b>	<a href="http://www.enpedepedra.com">http://www.enpedepedra.com</a>

### Festival Events:

#### Participants 2007:

- DACM (France)
- HISAKO HORIKAWA (Japan) - First Performance
- RARAVIS (Catalonia)
- AKEMI TAKEYA (Austria) - presentation in Galicia
- ANA MARTINS (Portugal) - presentation in Spain
- EL BAILADERO (Canarias) - First Performance
- TANZVEREIN ERDBERG (Austria) - presentation in Spain
- CAPERUCITA POCO ANIMAL (Catalonia) - presentation in Galicia
- DANIEL ABREU (Madrid)

#### Program of combined solos "Pure and Hard" 2007:

- Program of 5 dance solos in the same space
  - UXÍA P. VAELLO (Galicia) - First performance
  - ESTELA LLOVES (Galicia) - First performance
  - LAURA MARRERO (Canarias) - First performance
  - DIEGO ANIDO (Galicia) - First performance
  - ANUSKA ALONSO MONTERO (Galicia) - First performance



30 Santiago | El Correo Gallego Viernes, 22. jun. 2007

## Danza para paseantes desde Japón a Canarias

**XII EDICIÓN** ▶ El Festival En Pé de Pedra incluye veinticuatro funciones y 7 estrenos a cargo de nueve compañías ▶ La pieza de Hisako Horikawa inaugura hoy el cartel

A.I. • SANTIAGO

El Festival Internacional de Danza En Pé de Pedra llega este año a su duodécima edición con un completo programa de espectáculos "que conecta el arte con la arquitectura de la ciudad y con el público", según su directora, Ana Vallés, quien recordó que la agenda incluye "24 funciones y siete estrenos a cargo de nueve compañías y cinco solos en once espacios distintos de la ciudad".

El festival, que se desarrolla desde hoy y hasta el domingo, contará con grupos procedentes de Japón, Austria, Francia, Portugal, Cataluña, Madrid, Canarias y Galicia. Entre las principales novedades se encuentra la presentación de varios espectáculos en el Salón Teatro, la iglesia de la USC y la propia sala Galán.

Para la coordinadora del Centro Coreográfico Galego (CCG), Natalia Balseiro, "el momento dulce que vive la danza le debe mucho a este festival", en el que los creadores volverá a tener un espacio propio en el ciclo Puro e duro, que reunirá mañana en Platerías cinco solos de danza.

El estreno de una pieza de la japonesa Hisako Horikawa inaugura hoy, a las 17.00 horas, el fes-



CRIS TOBÍO

Los organizadores del festival En Pé de Pedra en la presentación

### EL DATO

#### Taller y formación

▶ La duodécima edición del festival incluye un taller de danza, del 26 al 29, y la celebración de un encuentro de la Mesa Itinerante de Trabajo para abordar la formación ■

tival, en una jornada que incluirá a Caperucita Poco Anima, en San Martiño Pinario, a las 18.00 horas, seguido por Raravis y Andrés Corchero; la portuguesa Ana Martín, a las 20.00 horas, en la sala Galán; Daniel Abreu, a las 21.30 horas, en el Salón Teatro, y El Bailadero Mónica Valenciano, a las 23.00 horas, en Bonaval.

## «Trastempo», o novo traballo de Sondeseu, logrou un grande éxito no paso por Vigo

**R. S. C.**  
VIGO. No salón de actos da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, presentouse o novo traballo da primeira orquestra de música folk de España, «Sondeseu». Os compoñentes da agrupación, arroupados polos membros da Fundación Sondeseu, como Rodrigo Romani, Anxo Pintos, Xaquín Xestelra, Xosé Liz, Francisco J. Feijoo «Chisco» e Alfonso Franco deron a coñecer o disco «Trastempo», que sae á rúa con 3.500 exemplares vendidos.

Nesta presentación, parte dos compoñentes da orquestra interpretaron pezas do disco en directo, deixando constancia da forza e a extraordinaria enerxía que desprenden os concertos en vivo. «Trastempo» é un traballo interpretado pola orquestra en conxunto, pero deixando cabida para que cada unha das seccións se convirza en protagonista. As referencias á música tradicional de gran formato están presentes, así como os temas tradicionais e mailos arreglos contemporáneos.

## O Fondo Galego de Cooperación da hoxe unha conferencia no Clube de Prensa

**ABC**  
SANTIAGO. A cita é esta mesma mañá ás doce do mediodía. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ten convocada unha conferencia no Clube Internacional de Prensa, sito en Santiago de Compostela, para a presentación de «Vacacións con traballo: Traballador@s solidari@s». Asistirán o CIP Alfredo Novoa, o presidente; Mar Barreiro, técnica do concello de Oleiros; Hilda García, técnica do concello de A Coruña; e Rosario Romero, técnica do concello de Vigo.

A primeira plasmación pública desta iniciativa, impulsada polo Igadi, produciuse o 30 de novembro de 1996. En Nigrán celebrouse un encontro auspiciado polo Igadi e co apoio do axuntamento, da Fegamp, da Pemp, da Consellería de Relacións Institucionais e da Oficina de Información de Nacións Unidas en Madrid, para establecer un diálogo entre Concellos e ONG's acerca da cooperación descentralizada.



Caperucita Poco Animal (Cataluña). Presentación en Galicia

## A duodécima edición de En pé de Pedra arranca esta semana

O venres chega este festival que busca unha nova relación entre o público e a escea, por iso as actuacións son ó aire libre

**D. G.**  
SANTIAGO. Vintecatro representacións e sete estreas durante tres días, coa participación de nove compañías, cinco bailaríns-coreógrafos no programa especial puro e duro, un taller de danza, a actuación dunha charanga na clausura e a acollida do 4º encontro da M.I.T. (Mesa Itinerante de Traballo) organizado polo Centro Coreográfico Galego.

Volta En Pé de Pedra, festival anual de danza de Santiago, fundamentalmente realizado ao aire libre, no que durante o día se suceden representacións de danza en diferentes espazos, redescubertos para o público e o paseante. Utiliza como escenario o propio marco arquitectónico da cidade, as rúas e prazas de Compostela como espazo para a representación. Trátase dun encontro directo entre o espectador/paseante e o creador/intérprete sen intermediarios. Un encontro que se vive como una festa, como un acontecemento extraordinario na cidade.

En Pé de Pedra mostra distintas correntes da creación actual da danza contemporánea propiciando o intercambio cultural e a presentación de novos creadores xunto aos destacados. O festival acolle propostas de Xapón, Cataluña, Portugal, Madrid, Canarias, Austria, Francia e Galicia.

Suplindo as deficiencias que lle impiden encargar novas producións, nesta 12ª edición o festival optou por acoller dous espectáculos que polas súas características deben ser presentados en espazos teatrais: o Salón Teatro e o Teatro Galán que, canda o plató da Facultade de Ciencias da Comunicación e a Igrexa da Universidade, complementan a oferta ao aire libre, utilizándose un total de once espazos diferentes.

Os escenarios naturais seleccionados para cada representación están cargados de historia e de suxestións e tenden a modificar as propostas dos coreógrafos, intensificando certos aspectos ou mitigando outros: o ritmo, a concentración, a relación co espectador, o imprevisible. Nalgúns casos, sobre todo nas estreas, o espazo convértese no factor determinante.

En Pé de Pedra non se concibe como simple programación de espectáculos de danza ou como mostra de determinadas formas artísticas, senón que pretende establecer un tipo de relación diferente entre o público e a escea, recuperando unha dimensión de acontecemento público no que a participación de quen mira é tan importante coma a de quen é observado.



DACM (Francia)

En Pé de Pedra non se concibe como simple programación de espectáculos de danza ou como mostra de determinadas formas artísticas, senón que pretende establecer un tipo de relación diferente entre o público e a escea, recuperando unha dimensión de acontecemento público no que a participación de quen mira é tan importante coma a de quen é observado.

En Pé de Pedra non se concibe como simple programación de espectáculos de danza ou como mostra de determinadas formas artísticas, senón que pretende establecer un tipo de relación diferente entre o público e a escea, recuperando unha dimensión de acontecemento público no que a participación de quen mira é tan importante coma a de quen é observado.

### Listaxe de participantes

Dacm, Hisako Horikawa (Estrea), Raravis-Andrés Corchero, Akemi Takeya (presentación en Galicia), Ana Martins (presentación en España), El Bailadero-Mónica Valenciano (Estrea), Tranzverein Erdberg (presentación en España), Caperucita Poco Animal (presentación en Galicia), Compañía Daniel Abreu. Puro e Duro, programa de cinco solos de danza conta, e son todas estreas, con Uxia P. Vaello, Estela Lloves, Laura Marrero, Diego Anido e Anuska Alonso. O taller de danza impárteo Akemi Takeya.

Coa excepción do Salón Teatro e a Sala Galán, o cartel está fóra, en espazos de grande significación

## Máis de 800 centros terán axudas para plans de normalización lingüística

**ABC**  
SANTIAGO. Un total de 859 centros de ensino público de Galicia recibirán axudas para o desenvolvemento dos proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización lingüística. O Diario Oficial de Galicia publicou a resolución do 4 de xuño de 2007 da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se resolve esta convocatoria. Na provincia de Pontevedra concéntrase o maior número de centros que van percibir axudas, un total de 311. En A Coruña son 365 os centros de ensino subvencionados, mentras que en Lugo son 138 e en Ourense 105.

As axudas, dunha partida económica total de 800.000 euros, oscilan entre os 310 euros e os 2.500. Ademais, 11 dos proxectos foron distinguidos polas comisións cualificadoras, que decidiron concederlles un suplemento económico a maiores, de 631 euros. Os criterios para a concesión das axudas tiveron en conta a orixinalidade das propostas e o uso de novas tecnoloxías.

## Política Lingüística financia o eido normalizador da AS-PG

**ABC**  
SANTIAGO. Política Lingüística vai financiar con cen mil euros o programa de actuacións de normalización lingüística da Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Segundo estipula o convenio asinado entre a institución autonómica e esta entidade, a AS-PG recibirá apoio para colaborar e participar nas actividades que desenvolve o EBLUL, unha entidade non gobernamental que pretende fomentar a pluralidade lingüística e cultural na UE, promovendo e defendendo as linguas minoritarias.

Política Lingüística contribúe tamén, mediante este convenio, á celebración do Correlingua, unha actividade de carácter lúdico e educativo, que consiste na celebración de carreiras ao longo do país, nas que pode participar a mocidade galega. Outras actividades que regula o acordo son a edición e copiado dun vídeo de temática lingüístico-gramatical.



El bailarín japonés Hisako Horikawa durante su actuación en la plaza de Platerías, donde se reunieron numerosos amantes de la danza

## Danza para disfrutar en la calle con compañías internacionales

**EN PÉ DE PEDRA** ▶ El programa 'Puro e Duro' se convirtió en la gran atracción de la segunda jornada del festival ▶ Bailarines de Austria, Canarias, Cataluña, Francia y Japón ocupan la agenda del día ▶ Habrá un cierre especial

AL • SANTIAGO

El Festival Internacional En Pé de Pedra volvió hoy a llenar de danza contemporánea distintos espacios de la ciudad con algunas de las propuestas más interesantes de compañías y coreógrafos, como Andrés Corchero, que ayer inauguró la jornada con su *Despacito*. Tampoco faltaron espectáculos de bailarines portugueses, austriacos, franceses y japoneses, sin olvidar los cinco solos de *Puro e Duro*.

El festival, que se clausura hoy, a las doce de la noche, con un cierre especial a cargo de Tanzverein Erdberg y la Charanga Illa Brass, en A Quintana, incluye un intenso programa.

Así, Akemi Takeya, que hace su presentación en Galicia en este festival, volverá a representar en la Facultad de Ciencias de la Comunicación, a las 17.00 horas, su pieza *ZZ*, seguida a las 18.00 horas, por la catalana Caperucita Poco Animal, que presentará *Back* en el Parque de la Música.

El canario Daniel Abreu traerá a las 19.00 horas al Salón Teatro sus *Ojos de Pez*, seguido por DACM y su *Apologise*, que podrá verse a las 20.00 horas, en la iglesia de la Universidad.

El japonés Hisako Horikawa estrenará, a las 21.30 horas, su *Whistle at the path 09* en la Alameda, mientras que a las 22.30 h, El Bailadero de Mónica Valenciano estrenará en el parque de Bonaival su *Impregnaciones en la Santa Nieve y Guitarra*.



Los paseantes disfrutan estos días de diferentes propuestas de danza contemporánea al aire libre



La danza sale a la calle un año más en el marco del festival



Actuación de Andrés Corchero

### RESEÑA MUSICAL

## Miniaturas medievales entre voz y arpa

Ramón G. Balado  
Crítico musical



Recital en la propuesta de 'Música na Compañía', actividad del Vicerrectorado en la iglesia de la USC, y que nos dejó la tarde del miércoles una serie de *lais* y *chansons* de los que fueron intérpretes Charo Pita, como narradora y cantante, y al arpista Manuel Vilas en el apoyo instrumental.

Serie precisamente de miniaturas que han trabajado conjuntamente como dúo, al margen de las colaboraciones que mantienen con el grupo Malandanza y que nos ha dejado su registro sobre el legado de las cantigas de Alfonso X El Sabio, con el título genérico de *Unha noite na corte no rei Afonso*. Reclamo del recital y referencia sería la figura de María de Francia que se expresaría en lenguas como el bretón, el inglés y el latín.

El cuento en clave fantástica, como no podía ser menos, fue el eje cardinal del espectáculo enmarcado en el género del *lais* con acompañamiento instrumental, del que la historia dará cuenta, posiblemente entre el arpa y la rola.

Cuento que impregnará el imaginario colectivo de las culturas del medioevo y que se trasladarán a cuenta literaria fantástica conocemos, en parte por lo que recibiríamos a través de lo que es el legado de la materia de Bretaña. Siempre lo fantástico que, como pocos, sabrá asimilar Chrétien de Troyes.

Ese prototípico *lai* bretón, como relato en sí mismo, tendrá elementos comunes con la *chanson de geste* y la música que pueda acompañarle, usará de la repetición y la secuencia melódica.

En el espectáculo seguido, el interés lo acapararía el relato fantástico, especie de cuento simple en su sencilla ingenuidad que tendría en Charo Pita su absoluta protagonista, cumpliendo Manuel Vilas como consorte artístico, el arpista que próximamente tendremos en el *Via Stellae* en un programa dedicado a la música española para el arpa de dos órdenes, con obras que van desde R. de Ribayaz hasta A. Brocarte, pasando por otros grandes nombres.

Una presencia permanente dentro de una idea que, en lo artístico y profesional, tiende a buscar el punto de encuentro entre lo musical y el sentido de lo fantástico como relato cardinal.



## :: A contrabutaca

**ANA VALLÉS**, PROGRAMADORA DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE DANZA EN PÉ DE PEDRA, ADIANTA AS CLAVES QUE DEFINIRÁN A DÉCIMO SEGUNDA EDICIÓN DUN CERTAME QUE VOLVERÁ ENCHER DE PLASTICIDADE AS RÚAS DE COMPOSTELA

# PEDRA, PAIXÓN E DANZA

## :: Entrevista

Xosé Lueiro - A Estrada

**U**n total de 24 representacións, 7 estreas, 9 compañías, 5 bailaríns-coreógrafos no programa Puro e Duro, 1 taller de danza e 1 charanga durante 3 días son os números que esta nova edición de En Pé de Pedra contempla para difundir a creación escénica contemporánea. Todo nun marco que utiliza como escenario a propia arquitectura da cidade; as rúas e prazas de Compostela. Once espazos diferentes que actuarán como centro de intercambio cultural e que serán testemuña do traballo de coreógrafos coma Daniel Abreu, Hisako Horikawa, Akemi Takeya, Andrés Corchero, Mónica Valenciano ou Ana Martins e de mozos solistas galegos.

### ¿Como naceu a idea de integrar a danza na fisonomía urbana de Santiago?

Un pouco como a extensión da filosofía de Galán. De tratar de chegar a un público ao que a danza contemporánea non daba chegado. Ese foi o obxectivo de entrada, obxectivo que se viu plenamente cumprido no momento en que a cidade e os cidadáns asumiron o certame como algo propio. É o público con máisculas e non o público específico de danza o verdadeiro destinatario deste festival.

### ¿Que modificacións introduce o festival respecto de edicións pasadas?

Seguimos co mesmo número de días, co mesmo número de compañías e mantemos o programa Puro e Duro, un programa encamiñado á promoción de novos coreógrafos. Contamos, como novidade nesta edición, con sete estreas, dous espectáculos que van ser presentados en España por primeira vez e a inclusión doutros dous que debido á súa peculiaridade van ser representados en espazos interiores. Consideramos, neste sentido, que o feito de complementar a oferta ao aire libre pode supoñer unha liña de crecemento interesante para o festival. Acolloremos, por outra banda, o IV Encontro da Mesa Itinerante de Traballo que analizará todos os temas relacionados coa formación na danza e complementaremos o festival cun taller impartido por Akemi Takeya.

Despois dalgunha que



Ana Vallés, a responsable da programación do festival En pé de pedra, nunha fotografía na extinta Sala Galán de Santiago

### outra edición marcada pola incerteza orzamentaria, semella que a consolidación do festival é xa unha gozosa realidade.

O festival está xa hiperconsolidado dende hai anos. A altísima calidade das compañías participantes e o gran nivel organizativo non pasa desapercibido para moitos dos profesionais que coinciden en consideralo coma un dos mellores de Europa. Cada edición que pasa arrastra máis público específico a Santiago, un turismo cultural que evidentemente repercute tamén noutros sectores da cidade. Hoxe por hoxe podemos asegurar sen medo a esaxerar que En Pé de Pedra se converteu xa nun referente de ámbito estatal e internacional. Está clarísimo. Proba disto é a cantidade de programadores que acceden ao festival.

### ¿Como organizan todo o proceso de selección de compañías?

Con moito tempo de antelación.

Agora mesmo teño xa apalabrada a presenza dalgunha compañía na edición do vindeiro ano. Hai que facer coincidir as xiras destas compañías coa data de celebración do festival, cousa que non resulta nada sinxela. Eu non teño presuposto para traballar, así que aproveito algunha das viaxes profesionais que debo facer para ver danza ou recorrer ao DVD e aos contactos que teño coas compañías para recabar información sobre os espectáculos programables.

### Unha das liñas mestras do certame consiste en mesturar artistas consagrados con figuras emerxentes da danza.

Así é. Para nós é importantísimo que o festival actúe coma rampla de lanzamento de novos creadores. Penso, por poñer un caso na compañía Daniel Abreu, un coreógrafo que se atopa no mellor momento da súa carreira e que constitúe como moitos outros a remuda xeracional que temos a obriga de apoiar.

### Sinalaba anteriormente como novidade, a incorporación este ano de dous espazos interiores.

Referíame ao Teatro Galán e ó Salón Teatro. En todo caso seguen predominando como todos os anos os escenarios naturais aos que se engaden nesta edición o plató da Facultade de Ciencias da Comunicación e a Igrexa da Universidade. Asignamos a cada espazo o espectáculo máis axeitado en función das súas características, e mandámoslles fotografías ás compañías para que estas amolden as súas coreografías ao contorno elixido. Iso é o que provoca a simbiose tan bonita que todo o mundo aplaude do festival; e o que lle achega a súa peculiar filosofía.

### Iso, e o tipo de relación que se establece entre escena e público ou entre os mesmos bailaríns.

Neste certame, a participación de quen mira é tan importante coma a de quen é observado. En ningún

outro festival a participación do público adquire tanto protagonismo. Non sería posible levarlo a cabo sen el. Aquí callaron cousas inauditas. Cesc Gelabert e María Muñoz, Hisako Horikawa e Cuchús Pimentel... é un marco que posibilita moitas interrelacións; feito ao que sen dúbida axuda tamén esa pluralidade de linguaxes, esa capacidade de mestizaxe que caracteriza a nosa forma de entender as artes escénicas.

### Un desexo...

Gustaríame que da mesma forma que o apoio da cidadanía e dos profesionais da danza vai "in crescendo" edición tras edición, os apoios das institucións tivesen o mesmo comportamento. Sería desexable ampliar as liñas de actuación do festival, de forma, por poñer un exemplo, que puidesemos producir algún espectáculo ou colaborar con artistas plásticos... mil historias que poderían servir para fuxir deste réxime de subsistencia no que nos atopamos agora. ●



**Crónica** | Fin de semana «En pé de pedra»

## Un festival nun momento doce

Seis espectáculos diarios repartidos pola cidade e un especial de sós de danza con cinco estreas marcan o carácter da duodécima edición, que comeza hoxe

**Camilo Franco**

SANTIAGO

■ Un dos coreógrafos máis veteranos na programación de *En pé de pedra*, Andrés Corchero, asegurou que unha das vantaxes deste festival era su «constante aposta por la gente que investiga». Na presentación do festival, á que acudiron boa parte dos protagonistas do cartel, defendeuse esta cita como unha das causas de que a danza estea atravesando en Galicia un «momento dulce».

Entre os destaques desta duodécima edición a directora do festival, Ana Vallés, salientou o programa que baixo o título *Puro e duro* ofrecerá o sábado ás 23 horas cinco sós de danza con artistas maioritariamente galegos. Entre eles o actor Diego Anido, que asegurou que nos seus espectáculos sempre «rondo un pouco a danza». No mesmo programa que se celebrará en Praterías estarán presentes Uxía Vaello, Estela Lloves, Anuska Alonso e a canaria Laura Marrero, coa particularidade, segundo a responsable do festival, de que as cinco pezas que se ofrecerán serán estreadas no certame.

Outro dos apuntes para esta edición é a incorporación de espazos escénicos e pechados para un festival que se define para paseantes. Ana Vallés sinalou que algúns dos «espectáculos requieran de condicións interiores» e por eso figuran no programa as funcións no Teatro Galán, no Salón Teatro e tamén, por



XOÁN A. SOLER

**FOTO DE FAMILIA DANZANTE.** A presentación no Teatro Galán serviu para que unha boa parte dos protagonistas do festival posasen para os fotógrafos e, por unha vez, quedaran quietos.

primeira vez, na Igrexa da Universidade. No caso dos dous espazos primeiros as entradas estarán á venda dúas horas antes de cada función e non se admitirán reservas. No caso da Igrexa, a entrada será libre pero o aforo está limitado. No resto dos casos, *En pé de pedra* volve a ocupar espazos como Praterías, Bonaival ou espazos da Facultade de Xornalismo.

Como é tradicional no festival compostelán, o fin de festa terá lugar na praza da Quintana e xunto á compañía austríaca Tanzverein Erdberg haberá unha charanga que baixo o nome de Illa Brass amenizará a noite do domingo.

### IMPROVISACIÓNS

#### Hisako Horikawa e Felisa Segade, a dúo no paseo da Alameda

■ A xaponesa Hisako Horikawa séntese a gusto en Compostela. Nesta edición ofrecerá dúas pezas que adapta a cada un dos espazos que ten que utilizar. A primeira delas, *Salty, empty, windy* (hoxe ás 17 hora en Praterías) pasou por teatro e naves industriais e chegará ata Praterías.

A segunda das propostas da xaponesa, o domingo ás 21.30, será estrea, improvisación e un dueto que incorporará a voz de Felisa Segade, cantante

de Leilía, para acompañar ás coreografías de Horikawa.

Segundo a bailarina, coñeceu a Felisa Segade nunha estadia anterior no festival e identificouse coa forma de cantar da galega. Propúxolle facer unha improvisación xuntas, corpo e voz, aproveitando o espazo da Alameda. Horikawa explicou que se sentía moi motivada por este traballo e a influencia do canto de Segade habíase notar na forma de bailar.



TEMPOS NOVOS  
NÚMERO 122  
XULLO 2007



**A** pedra de Compostela non só se transmuta en poesía dacabalo da palabra de poetas. A cidade é musa e espazo de artistas de múltiples disciplinas que a viven e a transforman. A integración do espazo, nas súas moitas dimensións, arquitectónica, humana, histórica, atmosférica, rítmica, culinaria, lingüística, cultural...nos procesos de creación artística é un dos factores máis complexos e que requiren maior sentido e sensibilidade. En Pé de Pedra, o festival de danza-teatro que organiza Matarile, Ana Vallés e Baltasar Patiño, propón esa alquimia a través da arte do corpo en tódalas súas capacidades de transmutación. A filosofía oriental que promove a harmonía e o respecto a tódolos seres animados e inanimados, o Feng-Shui, o Zen, o Sintoísmo, ou "camiño dos deuses", que constitúe a raíz da alma xaponesa, relacionase con crenzas animistas e chamanistas que manteñen o culto aos "kami", misteriosas forzas da natureza e dos espíritos ancestrais que habitan os ceos, as rochas, o mar, as árbores, a herba...

Ese sentir xaponés pode moi ben entroncar co panteísmo céltico e co sentimento da terra que constitúe a cerna do galego, e que estivo moi presente neste En Pé de Pedra a través dos traballos que presentou Hisako Horikawa, nacida en Nigata (Xapón). Ela foi a encargada de inaugurar, en Praterías, o festival coa súa peza "Salty, empty, windy", caracterizada por un uso do corpo extracotía, moi afastado de calquera mímese realista, co tempus e a tensión rítmica propios da danza Butho, capaces



Fotos: J. Bugarín

## En pé de pedra: outros xeitos de ver

Afonso Becerra de Becerreá

de transmitir un fondo dramatismo. O xogo cos elementos naturais, a súa exaltación, estivo presidida polo emprego do sal, o sal da vida, e a auga, nunha exemplar comunión co espazo da praza que rematou coa inmersión da bailarina-actriz dentro da fonte dos cabalos. O mesmo aconteceu o último día na Alameda, no Paseo de Bóveda, cando Hisako Horikawa bailou os carballos, a terra, a herba mollada e o cante de Felisa Segade, de Leilía, nunha actuación conxunta que levaba por título "Whistle at the path".

Foi a mesma Hisako quen, na cea do día anterior, nos dicía que a ela xa non lle preocupa tanto a propia danza,

se máis á sensibilidade do espectador que non ao seu intelecto.

Precisamente este é un dos grandes méritos do festival, desafiar os hábitos de recepción máis estendidos, que sempre soen buscar a lóxica dunha historia ou relato en calquera espectáculo escénico. En xeral, a dramaturxia do teatro-danza, e a de tódalas propostas que se puideron ver nesta 12 edición de En Pé de Pedra, libéranse do feito de ter que contarnos unha historia, para, no seu lugar, brindarnos unha lectura máis sensitiva que cognitiva. Os mecanismos de transmisión aquí son outros e o pracer suscitado, fondo.

que non lle preocupa estarse movendo todo o tempo como cando era nova, que ela xa non vai aos sitios para executar unha coreografía senón para coñecer a fondo os lugares, para deixarse influír polas súas características e peculiaridades e para bailar con todo iso, integrándoo no seu movemento, no seu corpo. O de menos é estar nese espazo senón ser nel, o de menos é danzar nese espazo senón danzalo, actualo. Un tipo de arte que, sen dúbida, diríxese



XOÁN A. SOLER

Akemi Takeya puso en escena ayer por la tarde su espectáculo «ZZ», en Ciencias da Comunicación

Miles de espectadores siguieron la veintena de funciones del festival

## El duodécimo «En pé de pedra» acaba con gran éxito de público

LA VOZ | SANTIAGO

■ La duodécima edición del festival internacional de danza *En pé de pedra* concluyó ayer en Santiago después de tres días de espectáculos que fuentes de la organización calificaron como «de gran calidad, en algunos casos mejor de la que esperábamos». Miles de personas presenciaron las representaciones, si bien una portavoz de producción prefirió aguardar al recuento definitivo para

ofrecer cifras concretas sobre la asistencia.

En la jornada de cierre, por la tarde, el público pudo disfrutar de *ZZ*, de Akemi Takeya (Austria), en la facultad de Ciencias da Comunicación; de *Caperucita poco animal*, de la compañía catalana Back, en el Parque da Música; de *Ojos de pez*, del madrileño Daniel Abreu, en el Salón Teatro; y de *I Apologize*, de los miembros de la francesa DACM, en la Igrexa

da Universidade de Santiago de Compostela.

Al cierre de esta edición, la lluvia amenazaba la celebración de las funciones nocturnas: *Impregnaciones en la Sta nieve y guitarra*, de la canaria Mónica Valenciano, en el parque de Bonaval, y *Schmeichel: Abbau und Fluss III*, del austriaco Tanzverein Erdberg, en la praza da Quintana. Sin embargo, minutos antes, la organización se declaraba optimista.

MATARILE TEATRO - teatro galán

Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Péez Costanti 1  
telf: 981 58 51 66 / fax: 981 58 51 21 - e-mail: [teatrogalan@mun-do-r.com](mailto:teatrogalan@mun-do-r.com)

[www.enpedepedra.com](http://www.enpedepedra.com)

If you call from abroad: telf: +34 - 81 - 58 51 66 - fax: +34 - 81 - 58 51 21



# Danza na pedra

M.B.

Máis de vinte representacións, sete delas estreas, a cargo de nove compañías e cinco bailaríns coreógrafos compoñen a programación da 12ª edición do Festival Internacional en Pé de Pedra, que traslada a danza ás rúas e prazas compostelás.


O 22 de xuño arranca a duodécima edición de En pé de pedra, o festival que anualmente enche as rúas e as prazas de Compostela de espectáculos de danza. Nelas celebráranse durante tres días máis de vinte representacións, das cales sete son estreas, a cargo de nove compañías e cinco bailaríns coreógrafos.

Coa intención de amosar as distintas correntes de creación dentro da danza contemporánea así como de servir de plataforma para a presentación de novos creadores, o festival acolle este ano propostas procedentes de Xapón, Francia, Austria, Portugal, Canarias, Catalunya e Galiza.

A improvisación de Hisako Horikawa no espectáculo *Salty, empty, windy* dará comezo na Praza das Praterías a un programa amplo e variado. Esta é a terceira vez que Hisako Horikawa actúa en Compostela no marco deste festival. A súa compañía estreará ademais o domingo 24 de xuño no paseo Bóveda Alameda o espectáculo *Whistle at the path 09*, con son en directo de Baltasar Patiño.

De Cataluña achégase a compañía Caperucita poco animal para presentar *Back*, con coreografía de Ester Forment e Sebastián García Ferro e coa posta en escena de Alex Serrano. Será o 22 en San Martiño Pinario e o 24 no Parque da Música. Tanto Ester Forment e Sebastián García Ferro como Claudia Solano Watson, a terceira bailarina do espectáculo, son creadores independentes que proceden de diferentes disciplinas coreográficas e teatrais e que desenvolven en paralelo outros proxectos.

Explorar a liña que une a vida e a morte é a proposta do coreógrafo e bailarín Andrés Corchero



Tanzverein Erdberg.

en *Despacito*, unha viaxe tranquila con textos e voz en off de Antonio Gamoneda. Representarase no Parque de Bonaval o 22 e 23 de xuño. Este mesmo espazo acollerá a estre de *Impregnaciones* en

la *Sta Nieve* y guitarra, interpretada por Mónica Valenciano.

## En salas

Paralelamente aos actos ao aire

libre representarase tres espectáculos máis nos escenarios do Teatro Galán, o Salón Teatro, a Igrexa da Universidade e na Facultade de Ciencias da Comunicación. Un deles é *Subterráneos do corpo*, da coreógrafa lisboeta Ana Martins. Interpretada por Francesca Bertozzi e Inês Oliveira Santos, a obra que se presenta por vez primeira no Estado español, busca centrar a atención do espectador a través da experimentación con novas linguaxes.

No Salón Teatro a compañía de Daniel Abreu porá en escena *Ojos de pez*, unha coreografía para catro bailaríns na que están moi presentes os xeitos cinematográficos.

O aspecto formativo cobra nesta edición unha especial relevancia dentro das actividades paralelas programadas coa posta en marcha dun taller de danza que impartirá Akemi Takeya do 26 ao 29 de xuño.

## Puro e duro

Como cada ano porase ademais en marcha o programa *Puro e duro*, que este ano reúne cinco solos de danza. Os galegos Uxía P. Vaello, Estela Lloves, anaska Alonso e Diego Anido e a canaria Laura Marro serán os coreógrafos que se darán cita o sábado 23 na Praza de Praterías a partir das 23 horas.

A clausura do festival correrá a cargo da compañía austríaca Tanzverein Erdberg. Representarán *Schmeichel: Abbau und Fluss III* na Praza da Quintana a partir das 24 horas.

No seo do festival celebrárase ademais o 4º encontro da MIT (Mesa Itinerante de Tralaballo) de danza, organizado polo Centro Coreográfico Galego, que abordará o tema da formación. ♦

MATARILE TEATRO - teatro galán

Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1  
 telf: 981 58 51 66 / fax: 981 58 51 21 - e-mail: teatrogalan@mundo-r.com  
 www.enpedepedra.com

If you call from abroad: telf: +34 - 81 - 58 51 66 - fax: +34 - 81 - 58 51 21



NATALIA BALSEIRO

Directora do Centro Coreográfico Galego

## “Crear novos públicos para a danza é un labor moi lento”

J. L. E. A creación do Centro Coreográfico Galego (CCG), hai menos dun ano, estivo marcada pola polémica trala desaparición do ballet Rey de Viana, que durante décadas ostentou a representación da danza galega dentro e fóra do país. A directora do CCG, Natalia Balseiro (San Sadurniño, 1974), semella satisfeita do traballo realizado nestes primeiros meses nos que o proxecto botou a andar e acadou o seu primeiro éxito coa xira de *Vacuo*, unha produción dirixida pola coreógrafa Maruxa Salas que amosou unha nova imaxe da danza galega que pode consolidarse como a vía a seguir no futuro. De todos os xeitos, o camiño por percorrer semella aínda moi longo. En Galicia hai na actualidade unha ducia de compañías privadas que presentan os seus espectáculos dentro e fóra da comunidade, pero aínda fican vivas como a inexistencia dun gran espazo escénico onde se poidan presentar as grandes montaxes das compañías internacionais. Balseiro é optimista sobre o futuro da danza en Galicia, aínda que advirte que os cambios necesitan tempo e que o labor a desenvolver desde o Centro Coreográfico obterá resultados visíbeis a medio e longo prazo.

**Pregunta.** ¿Cales foron as súas principais actividades durante este primeiro ano de funcionamento do centro?

**Resposta.** Neste tempo básicamente o que fixemos foi poñernos en marcha. Cara o público o máis

relevante foi a xira de cinco meses que realizamos coa primeira produción do Centro Coreográfico, *Vacuo*, que funcionou moi ben ao acadar as 30 funcións e reunir a preto de 10.000 espectadores. Ademais, a montaxe foi moi ben recibida nas funcións que tiveron lugar fóra de Galicia. Seguramente deste proxecto van saír outros producións no futuro xa que posibilitou que os bailaríns e coreógrafos poidan intercambiar experiencias. Tamén serviu para mellorar a formación dos que participaron na montaxe. Pecharemos as representacións no vindeiro festival de Ortigueira.

**P.** No seu proxecto inicial fan fincapé no apoio ás coproducións e xa fixeron dúas. ¿Cómo están funcionando?

**R.** No que se refire ás coproducións non é tan interesante o resultado artístico como a posta en funcionamento de procesos de traballo e permitir ás compañías privadas que poidan estrear as súas montaxes nun espazo escénico de calidade, como é o Salón Teatro de Santiago. Agardamos que estes espectáculos tamén poidan realizar xiras de presentación dentro e fóra de Galicia.

**P.** Outra das súas prioridades é actuar no terreo da formación. ¿Estase a avanzar no obxectivo de facilitar que os bailaríns galegos non teñan que saír a estudar fóra?

**R.** Estamos comezando a traballar neste terreo, e esta mesma semana celebramos o noso primeiro curso que impartiu na Co-



Natalia Balseiro, directora do Centro Coreográfico Galego. / GABRIEL TIZÓN

ruña o bailarín polaco Janusz Szubiz. Cubríronse as 20 prazas dispoñibles e quedaron moitas persoas en lista de espera. Durante o ano que vén, imos insistir máis no terreo da formación e non só imos dedicarnos a mellorar a técnica dos bailaríns, tamén queremos realizar cursos para coreógrafos. A vindeira semana realízase un obradoiro dentro do festival *En Pé de Pedra* que tamén conta co noso apoio.

**P.** ¿Van procurar a apertura

de novos espazos para a danza en Galicia?

**R.** Cando apostamos por unha produción como *Vacuo* tratábase de conseguir ese obxectivo. Esta montaxe estreouse en teatros que nunca tiñan programado danza con anterioridade. Tamén estamos a deseñar estratexias de distribución que permitan non só estrear unha peza senón pór en marcha actividades formativas asociadas a ela. O obxectivo final é que os cida-

dáns teñan máis información sobre todo o que rodea a danza para que poidan disfrutar máis dun espectáculo. A creación de públicos é un labor moi lento e creo que o feito de realizar presentacións dos espectáculos ao aire libre, como ocorreu con *Vacuo*, permitiu despertar interese pola danza entre persoas que nunca tiveran a oportunidade de achegarse a un espectáculo destas características.

**P.** Santiago conta xa cun festival internacional de danza importante como é *En Pé de Pedra*. ¿Que o que falta para que xurda

“O próximo ano insistiremos na formación, tamén para os coreógrafos”

“*Vacuo* despertou o interese pola danza entre persoas que non se achegaran a ela”

unha iniciativa semellante noutras cidades galegas?

**R.** En Vigo xa existe un festival e na Coruña tamén se está a traballar en proxectos interesantes. Pode que algunhas iniciativas aínda tarden algún tempo en saír á luz, pero o certo é que nas cidades hai movementos interesantes asociados á danza.

**P.** ¿Como se pode facilitar que os nenos entren en contacto cunha disciplina aínda moi descoñecida para eles como é a danza?

**R.** O que pretendemos nós é facer obradoiros e programas pedagóxicos nas escolas. Estamos en contacto co INEF, con conservatorios privados de danza e coas escolas privadas para permitir aos colexios que soliciten as actividades correspondentes. Hai que procurar que os máis pequenos entren en contacto coa danza na escola.

Vén da páxina 52

acontecía hai poucos anos. Nesta liña destaca que o Centro Coreográfico Galego está a apoiar a realización de coproducións con compañías privadas e organiza cursos de formación aproveitando os espazos que programan danza con regularidade, como ocorre no caso da propia sala Galán que sigue a funcionar como centro de formación malia que xa non fai programación cara ao público.

A intención dos organizadores do festival de danza máis importante que se celebra en Galicia é seguir medrando nos vindeiros anos, sempre que as limitacións de financiamento o permitan. Neste ano o presupos-

“A falta de financiamento é un obstáculo importante para seguir medrando”

to inicial, que chegaba ata os 150.000 euros, tivo que recortarse ata os 90.000, unha cifra lixeiramente inferior á rexistrada o ano pasado. Malia este escaso presuposto, *En Pé de Pedra* é un dos festivais de danza ao aire libre máis importantes dos que se sele-



A bailarina alemá Juschka Weigel danzando no claustro de San Domingos de Bonaval, no festival de 2006. / A. IGLESIAS

bran en España, e tan só outros dous de similares características levan máis tempo funcionando: o *Dies de Danza*, que se celebra no mes de xullo en Barcelona, e o *Mes de Danza* que ten lugar cada novembro en Sevilla.

“A falta de financiamento é un atranco importante para seguir medrando”, explica Vallés, quen considera “insuficiente” o apoio que as distintas institucións públicas prestan ao festival. “Gostaríanos que o festival encargase

produccións propias para presentar en Santiago pero coas limitacións presupostarias actuais resulta imposible”, sinala a directora de *En Pé de Pedra*, quen tamén sinala a necesidade de que as actuacións sigan sendo

gratuitas no futuro para non levantar barreiras entre o público e os bailaríns. “O obxectivo do festival é o de converter a danza nunha festa e que a relación entre os que bailan e os que ollan sexa o máis directa posible”, insiste Vallés.

Durante os tres días que dura o festival, actuarán un total de nove compañías e cinco bailaríns en solitario que forman parte do ciclo *Puro e duro*, dedicado aos artistas mozos que presentan coreografías dentro do certame. Este ano non haberá compañías galegas no programa aínda que catro dos cinco bailaríns que participan en *Puro e duro* son galegos. Trátase de Uxia P. Vaello, Estela Lloves, Diego Anido e Anuska Alonso. A canaria Laura Marreiro completará o programa desta sección do festival.

En canto as compañías que integran o programa principal haberá dúas austríacas (Tanzverein Erdberg e Akemi Takeya), unha francesa (DACM), unha xaponesa (Hisako Horikawa), unha portuguesa (Ana Martins) e catro españolas (Raravis, El Bailadero Mónica Valenciano, Capercucita Poco Animal e Daniel Abreu).

Nesta edición do festival abriráse novos espazos coma a Igrexa da Universidade, que será escenario da actuación da compañía francesa DACM.



## HORIKAWA INAUGURA UNHA VIBRANTE EDICIÓN DE PÉ DE PEDRA

A xaponesa Hisako Horikawa inaugurou onte, nunha ategada praza de Praterías de Compostela, a 12ª edición de *En pé de pedra*, o festival de danza contemporánea que cada ano converte a capital galega nun escenario para o movemento e os corpos. Este festival, que non se concibe como unha simple programación de espectáculos de danza, está organizado por Matarile Teatro-Teatro Galán, co patrocinio da Consellería de Cultura, o Xacobeo, o Concello de Santiago e varios departamentos e organismos do Ministerio de Cultura.

No programa de hoxe hai unha dobre cita austríaca. Akemi Takaya, que presentará en Galicia, ás sete e media, na Facultade de Cien-

cias da Comunicación o espectáculo *ZZ*, e repetirá o domingo ás cinco. O sábado ás oito, non moi lonxe de alí, no Parque da Música, o grupo Tanzverein Erdberg presenta, en exclusiva para todo o estado, *Schmeichel: Abbau und Fluss III*.

Dende Francia, DACM ofrecerá *I apologize* na igrexa da Universidade o sábado, ás oito da tarde, e o domingo ás nove. O sábado á noite, ás once, a praza das Praterías acollerá o espectáculo *Puro e duro*, coas actuacións en solitario e de estrea de cinco artistas: de Galicia Uxía Vaello, Estela Lloves, Diego Anido e Anuska Alonso, e de Canarias Laura Marrero. ● MARÉ

## LUCES

**DÍAS DE DANZA.** A creación, hai agora un ano, do Centro Coreográfico Galego deu pulo a unha faceta artística que en Galicia apenas se mantíña pola teimosía dalgúns colectivos minoritarios. Un deses grupos era a compañía Matarile Teatro, organizadora do festival *En Pé de Pedra*, que a partir da semana que vén volverá a encher de danza as rúas compostelás.

### Bailando entre igrexas

'En Pé de Pedra' cumpre doce anos levando a danza contemporánea ás rúas de Santiago


JOSÉ LUIS ESTÉVEZ  
As rúas do casco vello de Santiago volverán encherse a vindeiro fin de semana cuns persoeros que se dedican a contar historias cos seus corpos ante os ollos de milleiros de persoas que pasean pola cidade. Durante tres días, prestixiosas compañías de distintas partes de España e de países tan diversos coma Austria, Francia, Portugal ou Xapón achegarán ó público as últimas tendencias da danza contemporánea, unha disciplina aínda moi minoritaria en Galicia, malia que nos últimos tempos está a rexistrar un novo pulo coa creación do Centro Coreográfico Galego e co éxito que están a alcanzar, dentro e fóra da comunidade, compañías coma Pisando Ovos ou ExperimentaDanza.

O festival *En Pé de Pedra* é un bó exemplo de cal pode ser o camiño para popularizar a danza. Na última edición perto de 16.000 persoas asistiron aos diferentes espectáculos que se celebraron nos espazos públicos de Santiago. O feito de que actuacións sexan gratuítas é un dos atractivos do certame.

"O noso obxectivo cando puxemos en marcha o festival hai doce anos era o de sacar a danza á rúa.

"O éxito do festival coincide cun momento ilusionante para a danza en Galicia"

Tratabamos de facela máis accesíbel para a xente, e a mellor forma de conseguilo era bailar na rúa para que o público compróbase cos seus propios ollos que a danza contemporánea non é un espectáculo elitista", explica Ana Vallés, a directora de programación do festival e responsable durante anos da compañía Matarile Teatro e da sala Galán de Santiago, que foi o punto de inicio de *En Pé de Pedra*.  
Ata o ano pasado, cando pe-



Membros da compañía Pisando Ovos bailan durante a pasada edición do festival *En Pé de Pedra*. / ANXO IGLESÍAS

chou as súas portas, a Galán era o único espazo da capital galega que programaba con regularidade espectáculos de danza contemporánea, pero tivo que desistir pola falta de apoios económicos. "Non podíamos manter o espazo aberto na precariedade na que estábamos", sinala Vallés. Durante o festival a sala reabrirá temporalmente as súas portas para acoller un taller de danza que dirixirá a coreógrafa austríaca, de orixe xa-

ponés, Akemi Takeya, e a representación da compañía portuguesa Ana Martins. Como é habitual nesta cita a maioría das actuacións celebranse ao ar libre, pero algunhas montaxes —o xa citado de Ana Martins e o que traerá a Santiago a compañía madrileña Daniel Abreu— requiren realizarse en teatros. O de Abreu escenificarase no Salón Teatro.

Vallés recorda que os primeiros anos foron difíciles, con pezas

nas que apenas se reunían unhas dúzias de espectadores, mentres que na actualidade as rúas e prazas de Santiago en ocasións fican pequenas para os centos de persoas que acoden a ver cada un dos espectáculos. *En Pé de Pedra* converteuse nun espectáculo ao que veñen directores doutros certames que se celebran en distintos puntos de Europa para elixir ás compañías que van programar. Durante a edición deste ano o fes-

tival incluírá montaxes que se presentan por primeira vez en España, coma o da compañía austríaca Tanzverein Erdberg.

O éxito que está a alcanzar *En Pé de Pedra* nas súas últimas edicións coincide cun momento "amable e ilusionante" para a danza en Galicia. Segundo Vallés, agora é posible para un bailarín que comeza desenvolver a súa carreira sen saír fóra, fronte ó que

Pasa á páxina 53

MATARILE TEATRO - teatro galán

Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1  
tel: 981 58 51 66 / fax: 981 58 51 21 - e-mail: teatrogalan@mundo-r.com  
www.enpedepedra.com

If you call from abroad: tel: +34 - 81 - 58 51 66 - fax: +34 - 81 - 58 51 21



EP3 VIERNES 22 DE JUNIO DE 2007



## MÁS CULTURA

Aún puedes  
ver

### 'Inéditos'

Durante todo el verano La Casa Encendida de Madrid mantiene esta propuesta de exposiciones que destacan por su carácter innovador.

## BAILAR AL RASO

Cinco ciudades celebran festivales de danza en paisajes urbanos.

El buen tiempo trae un aluvión de festivales de danza en la calle. Los más inmediatos son En Pé de Pedra (en Santiago de Compostela), Lekuz Leku (Bilbao) y Días de Dansa, éste repartido entre Barcelona, Mataró y Sitges. La coreógrafa japonesa Hisako Horikawa dobla en el certamen gallego y en el catalán, que incluye un ciclo asiático con Min Tanaka, Miki Sato y la compañía de danza aérea Vaivén (en la foto). Julie Dossavi y Erna Ormarsdottir bailan en Bilbao y en Barcelona. I Apologize (en Compostela) habla de crímenes en serie, combinando actores, bailarines y maniqués. Lekuz Leku abre un concurso entre el público que desee grabar las actuaciones, y ofrece tres premios a los mejores vídeos. ■ JAVIER VALLEJO

**En Pé de Pedra.** Del 22 al 24 de junio. Santiago de Compostela (A Coruña). [enpedepedra.com](http://enpedepedra.com)  
**Lekuz Leku.** Del 28 al 30 de junio. Bilbao. [www.lekuzleku.com](http://www.lekuzleku.com)

**Días de Dansa.** 29 de junio, Mataró; del 29 de junio al 1 de julio, Barcelona; 2 de julio. Sitges. [www.marato.com](http://www.marato.com)

MATARILE TEAIRO - teatro galán

Rúa Gómez Ulla 7 - 15702 Compostela - Oficina en Pérez Costanti 1  
telf: 981 58 51 66 / fax: 981 58 51 21 - e-mail: [teatrogalan@mundo-r.com](mailto:teatrogalan@mundo-r.com)  
[www.enpedepedra.com](http://www.enpedepedra.com)

If you call from abroad: telf: +34 - 81 - 58 51 66 - fax: +34 - 81 - 58 51 21



28 Santiago | El Correo Gallego Sábado, 23. jun. 2007

## Hisako Horikawa cautivó a los amantes de la danza en la praza da Platerías

**FESTIVAL** ▶ La bailarina japonesa inauguró ayer la duodécima edición de En Pé de Pedra ▶ La agenda del día incluye hoy seis actuaciones y un programa de cinco solos

A.I. • SANTIAGO


La propuesta *Salty, empty, windy*, de la japonesa Hisako Horikawa, que ya se presentó en Mallorca en primavera, inauguró ayer la duodécima edición del Festival Internacional de Danza En Pé de Pedra, que contará este año con 24 actuaciones en diferentes rincones de la ciudad.

Así, para hoy está prevista, a las 17.00 horas, la actuación de Andrés Corchero y su *Despacito*, pieza en la que trata de explorar el viaje de la vida y la muerte desde el escenario, y que se representará en el parque de Bonaval, mientras que a las 18.00 horas, la portuguesa Ana Martins hará su presentación en España, en el Teatro Galán, con su pieza *Subterráneos do corpo*, que volverá a representar en el mismo espacio a las 22.00 horas.

Akemi Tayeka, desde Austria, ocupará el espacio de la Facultad de Ciencias de la Comunicación con su espectáculo *ZZ*. También desde Austria llegará a Compostela *Tanzverein Erdberg con Schmeichel: Abbau und Fluss III*, que actuará en el Parque de la Música a las 20.00 horas, en lo que será su presentación en España.

DACM, por su parte, estará a las 21.00 horas, en la iglesia de la Universidad, escenario que se suma este año por primera vez al festival, con su *I apologize*.

La jornada finalizará hoy con un programa de cinco solos titu-



Hisako Horikawa inauguró el festival en Platerías

### TODA LA INFORMACIÓN

#### Página web

▶ Todo lo relacionado con el festival se podrá consultar en una web específica ([www.enpedepedra.com](http://www.enpedepedra.com)). En esta edición participan 88 personas, entre los miembros de las compañías, equipo técnico y organización ■

lado *Puro e Duro*, que dará comienzo a las 23.00 horas, en la plaza de Platerías, y en el que intervendrán las gallegas Uxía Vaello, Estela Lloves, Diego Anido y Anuska Alonso, y la canaria Laura Marrero.

El festival continuará su andadura el domingo con una intensa jornada que incluye la actuación de la Charanga Illa Brass en la praza da Quintana.


es su muestra "Puro e duro", cinco propuestas unipersonales ejecutadas en una plaza, con la piedra como tapiz, en un espacio abierto, una iluminación plana y exuberante, para que se vea y los espectadores por los cuatro flancos.

Uxia P. Vaello con sus dos personalidades, la que es y la que quisiera ser, utilizando el texto para acercarse, para contarnos sus peripecias, y al final el cuerpo, la danza, para atestiguar su cambio, su paso hacia lo ideal.

Estela Lloves es puro texto, un texto repleto de connotaciones neuróticas sobre el propio espectáculo, sobre su idea de la felicidad y del tiempo. Y al final leves movimientos, expresión limitada.

Anuska Alonso es todo lo contrario, sin palabras, danza, movimientos, evoluciones, capacidad para desarrollar una coreografía de principio a fin.

Lo presentado por Diego Anido se asemeja más al teatro de objetos o a una actuación de clown. Desde el fondo de la plaza llega con un tablón



Diego Anido © Otto Labowski

que lo oculta, y con ese trozo de madera desarrolla una serie de acciones y gags, con buen tono, logrando la atención.

Terminó este apartado Laura Marrero, pura explosión física, pura comunicación, jovial, muy expresiva, con ganas de alterar la complacencia.

Quizás el trabajo más claro y directo.

La compañía francesa DACM presentó *I apologize*, una inquietante pieza de la que ya habíamos hablado cuando se presentó en el Festival NEO, que desató de nuevo la controversia entre los espectadores por la dureza estética.

## Teatro Circo Price

veranos  
de la Villa  
07

presenta  
Del 3 al 29 de julio de 2007  
**Ô Cirque**

Circo ecuestre con cena y música en vivo

21.00 h. Cena - Restauración Pedro Larumbe FINCA EL VALLE RESTAURANTE

22.30 h. El viento era frío - Circo ecuestre francés

00.00 h. Concierto de **BOB DYLAN** pop-rock latino

**TEATRO CIRCO PRICE**

*¡Una velada donde emoción y fiesta son inseparables!*

información: [www.madrid.com/circoprice](http://www.madrid.com/circoprice)  
010 [www.madrid.com/madrid](http://www.madrid.com/madrid)

[entradas.com](http://entradas.com)

902 458 458  
Categorías

MAC  
MADRID

MADRID

# Cuerpos que dicen

Carlos Gil Zamora

En Pé de Pedra se ha constatado una de las tendencias actuales en el mundo de la danza: los cuerpos dicen, los cuerpos hablan, y no solamente con sus lenguajes compositivos visuales, espaciales, sino en el territorio de la oralidad, donde habitan las palabras. Palabras de inspiración poética, voces para dar testimonios personales, para acercar sensaciones de las creadoras.

En varias ocasiones esta cuestión queda manifiesta y clara, como es el ejemplo de la canaria Mónica Valenciano, que presentó *Impregnaciones en la Sta. Nieves y Guitarra*, en un espacio precioso, en lo que fue un cementerio, un lugar perfectamente iluminado, para comenzar con una suerte de ceremonia espacial, un ritual de movimientos a modo de mantra físico, para acabar hablando, es decir, comunicándose con la palabra, la dicha, y la escrita, pero también leída. Palabra activada y compartida, paradójico, "¿Cómo se baila un portazo? Bailemos un portazo". Evocaciones que proponían una participación mental, como si cada espectador debiera completar su coreografía en su cabeza.

La voz reflexiva aparece grabada en el caso de Andrés Corchero y su *Despacito*, pero sus movimientos, su disfraz, solamente nos informan de una desesperación, quizás de un proceso creativo silencioso, donde no haya expresividad ni lenguaje corporal, casi ni desplazamiento, ni movimiento más allá que un leve latir basal de un ente, una máscara que se mueve sin más objetivos.

Sin embargo, los cuerpos se convierten en instrumentos de alta comunicación en el precioso y preciso trabajo de la portuguesa Ana Martins, *Subterráneos do corpo*, con una puesta en escena muy elaborada, realmente impresionante y en el que el juego de luz, el ritmo de exposición



Subterráneos do corpo © Otto Lisowski

de dos cuerpos desnudos que crean toda suerte de formas, de misterios, de insinuaciones y ambigüedades que van tejiendo en el espectador una necesidad de entendimiento, unas ansias de descubrimiento, con un espacio sonoro en el que son ruidos, acaso sonidos de extracción fabril lo que van acompañando una liturgia anatómica, una suerte de geografía de los cuerpos que aportan en sus transformaciones información para una poética artística de la desnudez.

Posiblemente sea uno de los trabajos más profundos realizados en el campo del teatro o la danza de movimientos, de expresión corporal utilizada como elemento creativo sin fin. Dos danzantes moldean su cuerpo con lentitud oriental, pero con comunicación sugestiva, casi franciscana, como si en cada cuerpo existiera un alma, un hálito que lo transportara hacia lugares plenos de gracia y talento, en un territorio escénico iluminado, tenuemente, pero capaz de crear volúmenes, sombras, invisibilidades y apariciones. Sin lugar a

dudas: un magnífico espectáculo.

Dos trabajos austriacos antagónicos en forma y fondo. El presentado por Akemi Takeya y su *ZZ* es un juego interiorizado de lenguaje frío, con un gran aparataje de iluminación, un discurso tecnológico, físico, milimetrado, pero sin apenas impulso comunicativo. Uno se siente ante una ceremonia personal de la ejecutante como alguien que observa de manera impúdica. Precisión descriptiva en la iluminación, demora en las acciones, y una viaje por el interior de la bailarina que se nos quedó en su ámbito, sin llegarnos.

La otra opción, Tanzverein Erdberg y su *Schmeichel: Abbau und Fluss III*, era justo lo contrario, una gran chanza, una parodia constante, un espectáculo de humor centroeuropeo, una quedada, un flipe, un despropósito, una gamberrada sin matices. En plena campaña, una ceremonia llena de guiños que quitaba hierro al ceremonial de la danza, lanzado hacia fuera para llegar a todos.

Uno de los clásicos de En Pé Pedra





### John Rutherford recollerá o domingo o Premio Trasalba

A Fundación Otero Pedrayo recoñece así a faceta de difusor da lingua e cultura galegas do historiador británico. **Páx. 28**



### Milladoiro, Mercedes Peón ou Flook, no cartel de Ortigueira

O Festival que se celebrará do 5 ao 8 de xullo, agarda congregar máis de 100.000 persoas nunha vila de 7500. **Páx. 30**

### Zapatero anuncia 170 medidas contra o cambio climático

O presidente do Goberno español aprobará en xullo unha estratexia para converter o país en líder das enerxías renovables. **Páx. 29**

# maré Hoxe

VENRES

22

mare@galicia-hoxe.com



Unha actuación da compañía Provisional Danza o ano pasado no parque de San Domingos de Bonaval

A 12ª edición do festival compostelán celébrase até o domingo en Compostela onde actuarán nove compañías e cinco 'sós' de Galicia, Xapón, Austria, Francia, Portugal, Cataluña ou Canarias

## A danza sae hoxe á rúa en **Pé de Pedra**

Por décimo segundo ano consecutivo, a danza sairá hoxe ás rúas compostelás no Festival 'En Pé de Pedra', que onte presentou Ana Vallés, directora do Teatro Galán e de Matarile Teatro. Até o domingo actuarán na capital galega nove compañías e cinco 'sós' de Galicia, Xapón, Austria, Francia, Portugal, Cataluña, Madrid e Canarias.

En total, 24 funcións e sete estreas que se poderán ver en 11 espazos distintos da cidade. Como novidade, haberá un espectáculo no Salón Teatro, do bailarín Daniel Abreu, outro no Teatro Galán de Ana Martins e tamén na Igrexa da Universidade da compañía francesa DACM. Natalia Balseiro, coordinadora do Centro Coreográfico Galego (CCG), afirmou que o "momento doce" da

danza en Galicia "débelles moito a este festival". O responsable de Cultura do concello, Néstor Rego, resaltou que 'En Pé de Pedra' é "un festival de referencia para o mundo da danza e para a cidade". Destacou que así "contribúe a que Santiago sexa referencia na cultura e promoción a cidade achegando a danza á cidadanía".

Ademais, no programa 'Puro e duro' participarán os galegos Uxia Vaello, Estela Lloves, Diego Anido e Anuska Alonso así como a canaria Laura Marrero, na Praza de Praterías mañá ás 23 horas. Tamén haberá un obradoiro de danza do 26 ao 29 de xuño a cargo da austríaca Akemi Takeya e a celebración dun encontro da Mesa Itinerante de Traballo hoxe, organizado polo CCG. ■ **MARE**

### Tres días, 24 funcións, sete estreas

A estrea da peza da xaponesa Hisako Horikawa 'salty, empty, windy' en Eraterías abre hoxe o festival ás 17 horas. O domingo presentará 'Whistle at the path 09'. Seguíanlle os cataláns Capercuina Poco Animal que se presentan en Galicia con 'Baik' en San Martiño Pinario ás 18 horas. Unha hora despois, Raravis e Andrés Corchero interpretarán 'Despacito' con voz de Antonio Gamoneda. A portuguesa Ana Martins presentase hoxe en España con 'Subterráneos do corpo' ás 20 horas no Teatro Galán. Ás 21.30 horas, o canario Daniel Abreu levará ao Salón Teatro 'Ojo de pez'. O primeiro día rematará logo de que El Bailadero Mónica Valenciano estree en Bonaval 'Sta Nieve y Gurtarra'. Mañá, a austríaca Akemi Takeya presentará en Galicia a peza 'ZZ' ás 19.30 horas na Facultade de Ciencias da Comunicación. Tansverein Erdberg traerá 'Schmeichel: Abbau und Fluss III', os franceses DACM interpretarán na Igrexa da Universidade 'I Apologini' e pochará o evento a charanga Illa Bras na Quintana o domingo á medianoite.



estaba moi ben controlado e mesturado. A nivel coreográfico o traballo de Akemi tamén esta moi ben, xa que está moi metida e concentrada no espazo.”

**ANDRÉS CORCHERO** (Cataluña)

(Bailarín e Coreógrafo)

Fala de *I Apolize* de DACM:

“Gustoume o espectáculo, aínda que un pouco incómodo de ver, sentados no chan, foi duro, un espectáculo forte, non para todos os públicos.

Había algo desacougante, atrainte, aínda que toca temas un pouco duros, tiñan algo. Aínda que para min non foi morboso.

Destaco o xeito da construción das escenas, dos personaxes, a utilización das músicas, pareceume moi interesante.”

**DAVID LOIRA** (Galicia)

(Cia .PISANDO OVOS)

Fala de *I Apolize* DACM:

“O que máis me gustou do festival foi *I Apologize* da Cia. DACM. Creo que era o máis innovador, a nivel escénico era moi bo, como creaban as escenas, como resolvían todo, era moi visual, gustoume moito o nivel estético.

Aínda que o tema era agresivo e complicado, a nivel estético era impresionante.

Desde o punto de vista do movemento tamén me gustou moito, xa que se ve un traballo moi potente, non só en danza, tamén a nivel actoral e interpretativo, hai investigación a través do corpo en movemento.


Creo que a idea de traballar coa relación de corpos inertes e corpos vivos, está moi conseguida na súa conxunción. Moi bo.”

**UXÍA VAELO** (Galicia)

(Coreógrafa e Bailarina)

Fala de Puro e Duro e de En Pé de Pedra:

“O feito de que este ano formasemos 4 galegos Puro e Duro é un reflexo do que acontece na danza actualmente en Galicia, que está nun moi bo momento, así tamén se ven un pouco os camiños que vai desenvolvendo cada un, como hai varias linguaxes, como imos traballando... foi moi



Akemi Takeya

**ANA MARTINS** (Portugal)

(Coreógrafa de *Subterrâneos do Corpo*)

Fala de En Pé de Pedra e de *Subterrâneos do Corpo*:

“Este Festival paréceme unha iniciativa moi boa, un xeito de amosar a danza á xente, de balde, moi ben. É a primeira vez que vimos a este Festival e estamos moi contentas pola acollida recibida.

Este traballo que presentamos aquí, para min ten que ver con proxectos de desenvolvemento dunha linguaxe en termos de movemento, que é a que saíu do meu propio corpo.

Traballar co corpo nu paréceme como expoñelo, de xeito orgánico, moi estético, traballar só os corpos, as formas, a historia do propio corpo nu envolto en talco.”

**MARUXA SALAS** (Galicia)

(Directora Artística de *Vacuo*)

Fala de En Pé de Pedra:

“Creo que é unha oportunidade de ver danza na rúa moi interesante e unha aposta en si, moi boa, xa que te enmarca en diferentes escenarios na mesma cidade e para min, que nunca tivera a oportunidade de velo, pois estou moi contenta de atoparme aquí, de vivir os diferentes espazos e ver como resultan eses espazos coas coreografías, que as coreografías están totalmente integradas nese espazo, que os coreógrafos aproveitaron todo ao detalle, é moi interesante.

Gustariame vir a En Pé de Pedra a bailar, xa que é un Festival Internacional de referencia ao que lle gustaría vir bailar a calquera bailarín.”

**DANIEL ABREU** (Tenerife)

(Bailarín e Coreógrafo)

Fala de En Pé de Pedra:

“En referencia ao Festival dicir que é moi bo o xeito de sacar a danza á rúa, sen poñerlle prezo, para que todo o mundo poida gozala.

Dar as grazas a todo o público xa que resulta moi gratificante a acollida e o apoio, xa que valoraron moi ben o traballo presentado. Grazas!!”

**VICTORIA PÉREZ** (Galicia)

(Actriz)

Fala de ZZ de Akemi Takeya:

“Foi dos espectáculos que máis me gustou, por non dicir o que máis, o espazo escénico, a iluminación e os efectos sonoros, todo

## EN DANZA

# “EN PÉ DE PEDRA”

## OPINIÓNS A PÉ DE FESTIVAL


Alberte Bello

Compostela, do 22 ao 24 de xuño de 2007

REVISTA GALEGA  
DE TEATRO

Nº 52 Outubro 2007

Segunda Época



Diego Amido

Percorrendo as rúas de Compostela, participamos na danza do teatro-danza que nos ofrecía En Pé de Pedra. Durante tres días un fervello de xente en rabaño camiñabamos coma peregrinos da danza-teatro, dun lugar a outro, entre sol, chuvia, pedra, céspede, area... dabámonos cita nos diferentes espazos para gozar dos espectáculos, todos nós, probablemente, con diferentes puntos de vista, aínda que co mesmo punto de partida: gozar do movemento do corpo.

Entre o público moitas caras coñecidas e rostros do mundo danza, o circo, o teatro, xentes da cultura... e moitos dedicáronnos unhas verbas para este caderno de viaxe.

Doce Opinións do Festival Internacional de Danza Para Paseantes “En Pé de Pedra” na súa 12ª edición.

**MÓNICA VALENCIANO** (Canarias)  
(Bailarina e Coreógrafa)

Fala de *Despacito* Raravis/Andrés Corchero:

“A mín, gustoume moito velo, tamén por todos os planos nos que unha pode observar a un colega, compañeiro do que coñece o traballo ao longo de moitos anos e de pronto ver e vivir o dereito e o revés do traballo...”

Seguíralle outros traballos, moitos de improvisación onde el traballaba máis coa calidade do seu movemento en escena. E de pronto penso que aquí, é curioso, vin algo moi diferente, unha proposta de traballo quizais sobre o máis feminino, esa parte feminina de Andrés, dentro da súa masculinidade xeométrica, pareceume moi honesto o fondo desa experimentación, explorando o lugar feminino e el detrás diso, moi... observando todo iso.

Gustoume, gustoume moito velo neste proceso.”





DOMINGO, 24 DE JUNIO DEL 2007

## A colaboración entre Horikawa e Segade polariza a xornada de «En pé de pedra»

C.E. | SANTIAGO

■ Última xornada de *En pé de pedra* coa estrea especial da improvisación da xaponesa Hisako Horikawa xunto coa cantante galega Felisa Segade.

As dúas, danza e voz, estrearán en Compostela *Whistle at the path 09*, unha peza que segundo a artista xaponesa depende moito do espazo do público e que garda unha interrelación moi grande coa maneira de cantar da compoñente de Leilía.

Horikawa explicou que a intención era «improvisar a dúo con Felisa porque a súa voz marca un espazo». Hisako Horikawa coñeceu a Felisa Segade nunha das anteriores actuacións no festival compostelán. De escoitala cantar quedoulle a intención de



A xaponesa Horikawa actuou onte en Santiago

facen unha peza en conxunto e durante estes días as dúas estiveron ensaiando as posibilidades no Teatro Galán. Para Horikawa, que abriu o festival o pasado verne con outra peza «os espazos cam-

bian moito o carácter das danzas». Ademais da estrea na Alameda, *En pé de pedra* ofrecerá un peche especial na Quintana coa presenza da compañía Tanzverein Erdberg xunto cunha charanga especialmente reunida para ocasión, a Illa Brass. Comezará ás 00.00 horas.

